

**ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN SOBRE MELLORA DA  
PRODUTIVIDADE E CALIDADE DOS SERVIZOS E CONDICIÓNS DE TRABALLO DO  
PERSOAL MUNICIPAL PARA O PERÍODO 2007-2009.**

---

Na Concellaría delegada de Persoal, sendo as vinteduas horas do día oito de outubro de 2007, as partes presentes na Mesa Xeral de Negociación adoptan o seguinte ACORDO para:

- A normalización dos servizos e das relacións laborais no Concello.
- A garantía dunha óptima prestación de servizos aos cidadáns, incrementando o rendemento e a calidade.
- Respectando en todo momento o cumprimento das obrigas dos funcionarios públicos e a lexislación orzamentaria.
- Alcanzando de forma progresiva unhas retribucións equitativas e acordadas co nivel de prestación e rendemento dos servizos municipais.
- Baixo os principios de participación, negociación, boa fe, lealdade institucional e servizos de calidade aos veciños e veciñas.
- Sendo desexable, dado o nivel de compromiso que supón este Acordo, a súa asunción por todas as Seccións Sindicais deste Concello que participaron no proceso negociador e asinaron o preacordo do 28 de agosto de 2007.

Baixo as seguintes,

**CLÁUSULAS**

**PRELIMINAR:**

A sinatura do presente Acordo, baixo os principios indicados de boa fe e lealdade institucional, supón a normalización permanente dos servizos municipais baixo o necesario clima de absoluta paz laboral.

**PRIMEIRA:**

Apróbase a valoración do complemento específico (VPT) dos postos de traballo ao servizo do Excmo. Concello de A Coruña, o detalle da cal figura como Anexo deste acordo. No citado Anexo recóllense os elementos do complemento específico de cada un dos postos de traballo que figuran na RPT, en cómputo bruto anual. Esta valoración será igualmente aplicable aos complementos retributivos análogos do personal laboral e eventual. Aprobaráse unha nova Relación de Postos de Traballo na que se incluírá esta nova valoración.

Baixo os principios sinalados na cláusula preliminar, a sinatura deste Acordo determina a retirada, desistimiento e non presentación, por parte de calquera dos Sindicatos firmantes, de recursos ou denuncias, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, relativos á relación de postos de traballo (RPT) vixente na actualidades e a que se aprobe en substitución desta, asicomo á valoración de postos de traballo (VPT) a que se fai referencia no apartado anterior da presente cláusula. O desestimento de tales accións producirase unha vez aprobada a RPT e a Valoración de Postos pola Xunta de Goberno Local.

## SEGUNDA:

Aqueles postos de traballo que na nova valoración teñen asignados os factores "turnicidad/xornada partida" ou "festividade", observarán a quenda horaria ou de xornada fixada para cada servizo, sempre dentro do cómputo anual da xornada ordinaria.

A modificación das condicións da xornada de traballo levará consigo a aplicación ou a retirada destes factores, segundo os casos, de acordo coas modificacións realizadas na RPT. A solicitude dunha redución ou adaptación de horarios de traballo, nos postos que teñan asignado os factores de "turnicidad/xornada partida", "festividade ou "disponibilidade menor", non implicará a desaparición da obriga de realizar a xornada partida, o traballo en día festivo ou a ampliación de horario correspondente ao factor de dispoñibilidade menor; ésto sen prexuízo dos dereitos individuais que en materia de conciliación poida ostentar o titular do posto.

## TERCEIRA:

Establécese un complemento de produtividade que retribuirá o especial rendemento durante a xornada ordinaria de traballo en todos aqueles postos de cuadro persoal incluídos na anterior valoración que non teñan asignado o factor de especial dedicación. Este complemento cuantifícase nun importe de 1.206,00 € brutos anuais, que se abonarán con carácter bimensual unha vez acreditado o efectivo cumprimento da xornada laboral ordinaria e o normal rendemento asociado a esta, sen que o dito complemento retribúa o solapamento de quendas na Policía Local, cuestión que queda sometida á revisión e negociación do sistema de quendas e libranzas do devandito Corpo.

Este complemento non se devengará nos casos nos que non se realice a xornada laboral ordinaria completa, detrayéndose a parte proporcional correspondente da xornada non realizada en cómputo mensual polas seguintes causas: ausencia non xustificada, indisposición, baixa por enfermidade común ou accidente non laboral ou polo incumprimento do horario. Este complemento non se devengará nos supostos nos que o empregado municipal non perciba retribucións con cargo ao Concello. Nos supostos de enfermidade moi grave, o recoñecemento por parte da Concellaría de Persoal do dereito á percepción deste complemento de produtividade será sometido a estudo e informe previo do Comité de Saúde Laboral.

Os postos de traballo que teñan asignado o factor de especial dedicación dentro do complemento específico estarán suxeitos ao réxime de descontos previsto para as ausencias non xustificadas, indisposicións e incumprimento do horario no apartado anterior.

Para a detracción da parte proporcional do complemento de produtividade tomaranse, como regra xeral, 22 días hábiles de traballo mensuais, independentemente do mes de que se trate, ou no seu caso a fracción-hora correspondente ao horario de traballo.

#### CUARTA:

Dende o 1 de xaneiro de 2008, garántese un factor mensual de corrección positiva a aquel persoal que, en situación de remuneracións ordinarias de nómina e cumprimento efectivo de xornada, non alcance un importe líquido de mil euros, ao obxecto de que alcance esta contía.

Na aplicación deste factor non se terán en conta os descontos por embargos derivados de retencións xudiciais ou similares, a achega ao plan de pensións, as cotas de partido ou sindicato, as cotas de amortización de anticipos e os axustes de líquido derivados de descontos ou abonos diferidos.

#### QUINTA:

A partir do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor deste Acordo, as gardias de rexistro e cemiterios serán realizadas polo persoal auxiliar ou administrativo adscrito a estes servizos e, de forma preferente, polo persoal con funcións de información e rexistro do Pazo Municipal e do Forum Metropolitano.

Estas gardas de rexistro e cemiterios serán retribuídas polo valor hora dobre do grupo funcional ou profesional correspondente, segundo o establecido na Instrución de nóminas para o persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado no apartado referido ao valor da hora extraordinaria.

Pola Xefatura do Servizo de Interior establecerase o sistema rotatorio no que terá a dereito a participar, de forma voluntaria, todo o persoal auxiliar ou administrativo adscrito a estes servizos.

#### SEXTA:

Conscientes ambas as dúas partes da absoluta necesidade de mellorar progresivamente a calidade e o rendemento dos servizos municipais e a súa integración coas necesidades cidadás, a Mesa Xeral de Negociación do Concello de A Coruña estudará e adoptará a metodoloxía xeral para a avaliación do

rendemento e a conduta profesional, segundo as previsións do novo Estatuto Básico do Empregado Público en materia de avaliación do desempeño, metodoloxía que a teor do devandito estatuto ha de redundar nos tres ámbitos seguintes:

- Carreira profesional.
- Promoción interna.
- Retribución por rendemento.

#### SÉTIMA:

O presente Acordo subscríbese para o período 2007-2009 e a súa aplicación económico-orzamentaria farase efectiva coa seguinte programación, de acordo coas disponibilidades orzamentarias municipais:

- 2007: 10%
- 2008: 60%
- 2009: 30%

As cantidades correspondentes ao exercicio 2007 aboaranse nunha paga única.

As xubilacións efectivas que se produzan entre a data de entrada en vigor do presente acordo e o 31/12/2008, ambas as dúas inclusive, percibirán unha liquidación equivalente ao 100% das retribucións previstas no Anexo.

Non obstante esta programación, o complemento de produtividade e o factor dispoñibilidade menor retribuiranse ao 100% do seu valor dende o momento da súa remuneración. A súa remuneración iniciárase o día primeiro do mes seguinte ao da data de entrada en vigor do acordo.

#### OITAVA:

A partir de a entrada en vigor deste acordo, o valor económico dos servizos realizados fóra da xornada ordinaria de traballo será o establecido na Instrución de nóminas para o persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, no apartado referido ao valor da hora extraordinaria, segundo o grupo funcional ou profesional ao que pertenza cada empregado.

Os servizos aos que se lles aplicará o novo prezo serán os realizados dende a entrada en vigor deste acordo.

Unicamente nos servizos realizados en día festivo, en horario nocturno ou en días de libranza, cada hora extraordinaria será aboada polo dobre do seu prezo.

NOVENA:

Unha vez adoptado este acordo, aqueles aspectos que han de ser aprobados, no seu caso, polos órganos municipais competentes quedarán condicionados aos correspondentes acordos da Corporación Municipal.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo, no lugar e data sinalados ao inicio.

CC.OO  
Asdo. Marina Lorenzo  
Fernández

CIG  
Asdo. Roberto Tizón  
Migue ns

CSI-CSIF  
Asdo. Manuel Aceña  
Liste

UGT  
Asdo. José Varela Laya

Polo Goberno Municipal

A Concelleira Delegada de Persoal  
Fdo. Obdulia Taboadela Alvarez